

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE MARZO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 6 de marzo de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para montaxe de fachadas desmontadas coa licenza de obra número 370/12, sita en solo urbano na rúa Nova, número 54 e 56 e para modificación da licenza de obra número 1488/2011 para a rehabilitación da vivenda unifamiliar illada en Cima de Vila - Piúgos, Polígono 111, parcela 299, en solo clasificado como rústico no Plan Xeral de Ordenación Urbana, consistente na modificación da superficie total para rehabilitar.

Acórdase a denegación de licenza para construción de garaxe anexo a edificio de vivenda con licenza número 247/78, sita en Casas Novas.

Tamén se acorda a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa avenida Paulo Fabio Máximo, números 2-4-6-8, e avenida da Coruña, números 190-92, con licenzas de obra números 53/09 e 133/13.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por un funcionario e a aprobación da forma de compensación.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg12

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-3-2013

Así mesmo, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios durante este mes de marzo, para levar a cabo por dúas educadoras sociais e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos solicitada pola empresa, encargada da xestión e tratamento de residuos sólidos urbanos, relativa ao novo canon para satisfacer a partir do 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013 para a actualización do prezo por tonelada de tratamento de residuos sólidos urbanos.

Tamén se acorda a revisión de prezos do contrato administrativo relativo á execución do programa de intervención e pedagóxico "Aprende xogando", suscrito entre este Concello e a entidade para o período que abrangue dende o 22 de outubro de 2011 e o 21 de outubro de 2012.

Do mesmo xeito, acórdase o procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no Arde Lucus 2013, prorrogable para o ano 2014.

Acórdase dar trámite de audiencia á compañía na contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda a prórroga dos contratos de seguros de responsabilidade civil patrimonial danos materiais, vehículos e maquinaria do Concello de Lugo para a anualidade 2013-2014.

3. FACENDA LOCAL.- Apróbese a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para construción dun entresollado no baixo comercial do edificio sito na rúa Conde Fontao, 9, pola que ingresou a autoliquidación número 5511163, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 112,46 €.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a resolución da reclamación presentada por unha Policía local, en materia salarial.
- Acórdase a resolución das reclamacións presentadas por varios Policías Locais, en materia salarial.

- Acórdase a rectificación do acordo número 10/25 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día dezaseis de xaneiro de dous mil trece.
- Acórdase a rectificación do acordo número 14/130 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día vinte e sete de febreiro de dous mil trece
- Regulase o acceso á información dos Grupos da oposición no que se refire aos asuntos que se tratan na Xunta de Goberno Local deste Concello.
- Acórdase a resolución do expediente tramitado en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 453/2012, do 3-5-12, en relación coa solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 2-05-05 e dos acordos da Xunta de Goberno Local do 16-11-05 e 04-07-07. Solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia.
- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado contratación da prestación integral de actividades do servizo de prevención de drogodependencias do Concello de Lugo para o ano 2013 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Dopeso García.